

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

POESÍA:

Para comezar con esta actividade o primeiro que vos propoñemos é que leades xuntos esta poesía titulada "O baile das bolboretas".

O BAILE DAS BOLBORETAS

TODAS AS BOLBORETAS
QUE TEÑO NO XARDÍN
FAN CLASES DE BAILE
MIRANDO PARA MIN.
A DE ÁS COLORADAS
CANTA UNHA CANCIÓN
CUN ESTRIBILLO CORTO
DENDE AQUEL RINCÓN.
TODAS AS BOLBORETAS
QUE TEÑO NO XARDÍN
FAN CLASES DE BAILE
MIRANDO PARA MIN.
MIRA, AQUELAS DÚAS
QUE É O QUE FAN?
BAILAN A MUIÑEIRA
COLLIDAS DA MAN.

O enlace onde podedes atopala é o seguinte:

<https://www.youtube.com/watch?v=Tyl74mhsOoI&feature=youtu.be>

Para facer as propostas podedes imprimila ou escribila nunha folla (en letra maiúscula). Logo poderán facer as seguintes tarefas:

- **Buscar na poesía as palabras** XARDÍN, RINCÓN, MAN e CORTO e **colorealas**.

Como farán para busca-la?

1. Escribide nun anaco de papel (a modo cartel) a palabra a buscar.
2. A continuación, fixaranse en que letras ten a palabra escrita no cartel, cal é a inicial, a final,...
3. Por último deberán atopar esa mesma palabra no texto.
(Se lles resulta moi difícil encontrala podedes darlles pistas e dicirlles que está nun verso concreto ou acotar un par de versos).

- **Buscar no texto unha palabra que empece pola letra.....**
- **Que letras ten a palabra BOLBORETA? Que sonido fai cada unha desas letras?**
- **Cantas letras ten BOLBORETA? E sílabas?**
- **Rodea** de cor azul todas as letras U que atopas na poesía.
- **No título hai algunha letra do teu nome? Cal? Escríbea .**
- **Cantar e bailar a canción.**
- Para rematar poden debuxar ou construír unha bolboreta. A continuación vos deixo algunhas ideas de como podedes facelas.



Pinterest.com



guiainfantil.com



Unomasenlafamilia.com




30yymama.com


PALABRA SEGREDA

A continuación, hai dúas táboas con debuxos. En cada unha delas, terán que descubrir cal é a palabra secreta.

Para facelo:

- ❖ Dirán o nome de cada debuxo amodiño.
- ❖ Diredes xuntos o nome do primeiro debuxo recalcando ben o son que fai a letra inicial.
- ❖ Unha vez identifiquen ese son inicial buscaremos no abecedario cal é a letra que fai ese son.
- ❖ Escribiremos a grafía no recadro correspondente.
- ❖ Faremos o mesmo con todos os debuxos.





Non necesitas impresora nin se quera debuxar as imaxes dos cadros, chega con que vaiades anotando nun papel as letras que van saíndo para poder lela ao rematar.

SERIES PRIMAVERA

Clicando no seguinte enlace atoparedes un xogo para traballar as seriacións a partir de distintos elementos característicos da primaveira.

<https://www.cokitos.com/secuencia-de-primavera/play/>

Unha alternativa desta proposta é que as nenas e nenos desenvolvan a serie que vos lle indiquedes empregando os elementos que se vos ocorran.

Este pode ser un exemplo:



RETO:

Hoxe Iria presenta un novo reto para que intentedes superalo!

Podedes atopalo no vídeo adxunto a estas actividades. Non vos olvidedes que queremos ver como o facedes, enviade os vosos vídeos!